

VIGO, 19 San Johan 1951.

Inesquecente Virxinia:

Recibimos as suas derradeiras cartas. Quero contestar axiña no referente ao asunto dos bens de Daniel (q.e.p.d.), pois maximo a ansiedade de Vde.

Como xa sabe había orde de os subestar, por consecuencia do expediente de responsabilidades políticas. Consiguense que o Xurgado informara a Madrid no senso de que non tiña valor apreciable, dado o tempo transcurrido e o almacenamento en ruins condicións. Enton desistiron, mais adxudicándose ao Museo de Pontevedra os cadros alí depositados, cuílos resguardos obran en poder de Clemencia. Así resulta d-un edicto publicado no Boletín Oficial da provincia.

Non puden falar con Filgueira d-este aspecto do asunto, apesar de tenta-lo varias veces, mais teño entendido que fixo manifestacións de que se trataba d-unha adxudicación simbólica, e que sempre estarían as obras ao dispor de quen tivera dereito a elas. Agardando topalo un día en Pontevedra e comunicar denantes a Vde. o resultado da conserva, de acordo con Clemencia, abstuveme polo d-agora de facer uso do poder, pra reclamar en terceira e metade da obra que fixo durante o matrimonio, pois pertence legalmente a Vde. Así están as cousas, e coído poderlle decir mais dentro de pouco tempo.

Josefina estuvo en Pontevedra, falou con Ramon Otero e con Baltar. Non sei, pro sospeito, que recolleu algunha cousa das que toparon na casa. Tamen estuvo en Vigo e veu a verme, mais en concreto nada me dixo das cousas que pudiera ter recollido, limitándose a falar dos bens de Rianxo, que tamen foran embargados.

Teño estado no Banco de España, en Pontevedra, c-os resguardos que Clemencia me facilitou. Por efecto da mesma responsabilidade venderon a metade dos valores, que estaban ao parecer en depósito indistinto a nome de Vde. e d-el. O saldo que deixaron pouco mais debe ser de 12.000 ptas., que a Clemencia parece moi pequeno. Teño combinado con ela que me acompañe un día a Pontevedra, pra aclarar no Banco as cifras e exprorar por si hubiera algunhos outros valores.

De momento e canto lle podo informar.

Como hoxe teño de sahir pra Madrid, onde estaréi o resto da semana, a volta irei a Pontevedra e procuraréi ampliar a información d-esta carta.

Sara está xa totalmente reposta e Clemencia tamen atopase ben.

Alfonsiño e Pilar envíanlle as mais acesas saudades, co mais fondo afecto do seu sempre incondicional,

V. PAZ-BONDADE

Lembrezas aos Prádas, Puentón, Silva e demais amigos.